

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 10 DE DECEMBRO DE 2007

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**1138/07.- Comunidade de Propietarios, repr. Manuel Rodríguez Ulla.-** Instalación de ascensor na Avda. de Lugo núm.233.-

**1482/07.- Edipromfer, S.L.-** Edificio (15 viv.) nos bloques 6 e 7 da parcela 5 da AEI "A" do PERI-5 de San Lázaro.-

**2173/07.- José María García Casas.-** Legalización de planta de soto da edificación executada na Rúa do Lindeiro.-

#### PRÓRROGA.-

**2398/07.- Juan Manuel Mosquera Cea.-** Obras de ampliación de planta baixo-cuberta na Calzada de Sar núm.5 (+).-

#### DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.-

**2399/07.- Inmobiliaria Paxonal, S.L.-** .....Expte..22/06.....6.000 €.-

**2416/07.- Inmobiliaria Pepe Noya e Hijos, S.L.....**Expte..1822/05.....6.000 €.-

**2397/07.- Javier Quintáns Couselo.-**.....Expte..1195/05.....1.600 €.-

**2391/07.- Promociones A Torre de Guimarey, S.L.-** ..Expte4..2446/04.....2.000 €.-

#### **5.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.**

Apróbanse axudas para varias familias por importe de 504,98 euros.

#### **6.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á autorización para a redacción de proxecto modificado de Obras de substitución da rede de abastecemento na Avenida de CASTELAO.**

Acórdase autorizar a redacción do devandito proxecto modificado, que se levará a cabo por parte dos servizos técnicos municipais, autores do proxecto orixinal.

#### **7.- Aprobación de proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das Obras de Urbanización das unidades de actuación A e B de PENAMARIA (San Lázaro).**

Apróbase o proxecto redactado por CP Arquitectura e Urbanismo SL, o prego de cláusulas administrativas e o inicio do expediente para a citada contratación por concurso e procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 238.746 euros e un prazo de execución de 6 meses.

#### **8.- Proposta do concelleiro de Infraestruturas relativa á autorización para a redacción do proxecto modificado nº 1 do de Rehabilitación e ampliación da antiga estación de Cornes para casa do Asociacionismo Veciñal e adxudicación do mesmo.**

Autorízase a redacción do proxecto modificado número 1 de rehabilitación e ampliación da antiga estación de Cornes para casa do Asociacionismo Veciñal e apróbase a súa adxudicación á empresa ARQUITAV ARQUITECTOS, SL, por importe de 1.900 euros.

**9.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e muller relativa á aprobación do Convenio de colaboración coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para o mantemento da Casa de Acollida.**

Apróbase o convenio de colaboración coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para o mantemento da Casa de Acollida, entre o 1 de xullo de 2007 e o 31 de decembro de 2008. En virtude do convenio, Vicepresidencia achega 18.312 euros para o financiamento de gastos de persoal e gastos correntes.

**10.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa á aprobación do convenio de transporte urbano entre o Concello e a Universidade de Santiago (2007-2010).**

Apróbase o devandito convenio para os cursos académicos 2007-2010 en virtude do cal o Concello se compromete a aplicar unha bonificación nas tarifas para o colectivo de estudantes universitarios, quedando para o curso académico 2007-2008 unha tarifa de 0,53 euros/viaxe nos bonos de 10 euros, e de 0,50 euros/viaxe se as recargas son de 100 viaxes. As actualizacións destas tarifas realizaranse en función do IPC real do ano anterior.

**11.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación dun novo texto e sinatura do convenio coa Cruz Vermella para o Programa de Teleasistencia Domiciliaria.**

Apróbase un novo texto e a sinatura do convenio coa Cruz Vermella para o Programa de Teleasistencia Domiciliaria, ata o 30 de xuño de 2008 polas seguintes contías: 12.020 para 2007 e 6010 para 2008.

**12.- Proposta do concelleiro delegado de Cultura e Centros Socioculturais relativa á aprobación do convenio de cooperación cultural entre a Consellería de Cultura e o Concello para a programación da Concellería de Outono-Inverno 2007.**

Apróbase o convenio polo cal a Consellaría de Cultura achega 33.000 euros ao Concello de Santiago para a realización do espectáculo Closer, Ciclo Cine Europeo e Programación Nadal Lúdico.

**13.- Proposta dos concelleiros delegados de Educación e de Mocidade relativa á aceptación e rexeitamento das subvencións destinadas ao fomento de actividades educativas e culturais do ano 2007.**

Apróbase a resolución definitiva das subvencións a proxectos e actividades educativas e culturais 2007 de 47 entidades e por un importe total de 48.400 euros.

**14 a 59.- Propostas do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles e no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.**

Apróbanse os devanditos beneficios fiscais.

**60.- Propostas do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativas á estimación de diversos recursos de reposición interpostos contra acordos da Xunta de Goberno Local relativos a denegación de bonificacións no Imposto sobre o Aumento de Valor dos Terreos de natureza urbana.**

Estímanse 4 recursos presentados.

**61.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa á desestimación de recurso de reposición interposto contra acordo da Xunta de Goberno Local relativo a denegación de bonificación no Imposto sobre o Aumento de Valor dos Terreos de natureza urbana.**

Desestímase o recurso.

**62.- Proposta do concelleiro delegado de Mercados relativa á modificación da solicitude de subvención á Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia para a implantación dun sistema de autocontrol no Mercado de Gando.**

A Xunta de Goberno Local na súa sesión de 30 de xullo de 2007 acordou solicitar á Consellaría de Medio Rural o 50% do investimento necesario para a implantación dun sistema de autocontrol no Mercado de Gando de Santiago por importe de 10.208 euros. Segundo comunica a empresa subministradora do sistema, SERVIGUIDE, SL, tendo en conta que os mercados integrados en ASEMGA adquiriron o mesmo sistema, o prezo do mesmo descedeu a 6.867 euros, polo que se acorda poñer en coñecemento da Consellaría do Medio Rural esta modificación.

**63.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación inicial da Modificación do Plan especial do equipamento docente D-19, en Monte Redondo. Colexio Manuel Peleteiro.**

Apróbase inicialmente a modificación puntual do Plan especial do equipamento docente D-19 (Monte Redondo), segundo o proxecto presentado o 28 de novembro polos Irmáns Peleteiro Ramos.

**64.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial do Proxecto modificado número 1 da urbanización do polígono 1 do solo urbanizable programado número 2 de Cornes.**

Apróbase inicialmente o proxecto modificado nº1 da urbanización do polígono 1 do SUP-2 (Cornes), segundo o documento presentado por Emuvisa o 15 de novembro de 2007, que será sometido a información pública durante o prazo de 20 días.

**65.- Aboamento da subvención para os actos da festividade padroal de Santa Rita 2007.**

Abóase a subvención para os devanditos actos celebrados o pasado 25 de maio, por importe de 12.091 euros.

**66.- Autorización do crédito para ampliación da Sociedade Mercantil EMUVISSA.**

Autorízase o crédito.

**67.- Propostas da concelleira delegada de Benestar Social relativas a xustificación dos gastos de convenios asinados con diversas Asociacións.**

Xustifícanse os gastos dos convenios asinados coas seguintes asociacións e polas cantidades que se refiren:

- Asociación San Vicente Paúl: 4.606 euros.
- Asociación de Loita contra as Enfermidades do Ril: 2.500 euros.
- Asociación Fonte da Virxe: 4.000 euros.
- Asociación Española contra o Cancro: 2.500 euros.

**68.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á adopción de acordos referentes á subvención expediente PAV-040000-2006-70 para o desenvolvemento de servizos e despregamento dunha rede Wimax no casco histórico.**

Solicítase do Ministerio de Industria a prórroga máxima do prazo de execución e xustificación do investimento establecido na subvención para o establecemento dunha rede Wimax no Casco Histórico.

**69.- Proposta da concelleira delegada de Educación e Mocidade relativa a aprobación do convenio de colaboración coa Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar para o financiamento do equipamento para a escola infantil de San Roque.**

Dáse conta do convenio de colaboración para o financiamento do equipamento da escola infantil municipal de San Roque, que se incluírá na Rede de Escolas Infantís (Galescolas), coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. O orzamento total para o equipamento é de 99.659,27 euros; Vicepresidencia aporta o 80% (79.727,42 euros) e o Concello, o 20% restante (19.931,85 euros). O equipamento inclúe:

- mobiliario: 47.060 euros
- parque exterior: 10.427 euros
- mobiliario de cociña e electrodomésticos: 42.171 euros.

**70.- Dar conta da sinatura do convenio de cooperación asinado entre o Concello e a Deputación da Coruña para o financiamento do mantemento do servizo de normalización lingüística.**

Dáse conta á Xunta de Goberno do convenio de cooperación asinado entre o Concello de Santiago e a Deputación da Coruña para o financiamento do mantemento do servizo de normalización lingüística, con data do 16 de outubro de 2007 e ata o 30 de setembro de 2008, mediante o cal o Concello percibirá a cantidade de 12.000 euros en dous prazos.

URXENCIAS

1.- Apróbase a 5ª addenda ao convenio de cooperación asinado entre a Consellería de Economía e o Concello de Santiago, asinado o 29 de xullo de 1996, por medio da cal a Xunta de Galicia, ademais da contía prevista para achegar coa licitación das obras (801.973 euros), adianta os 245.103 euros que o convenio prevía que se aboasen ao remate da mesma.

2.-Dáse conta da sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia e o Concello para a elaboración dun estudo de desenvolvemento industrial da área de Compostela. A addenda permite ampliar o prazo de execución das actividades contempladas no convenio ata o 15 de decembro de 2007. A addenda non modifica as condicións económicas.